



Xacobeo 2021

CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Datos provinciais
Mes de xaneiro de 2020

PROVINCIA DE A CORUÑA
XANEIRO 2020

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIRO		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	%	Var. Int. 20/19
HOTEIS	72.310	8,2%	128.488	14,7%	1,78	6,0%	26,53%	2,70
PENSIÓNS	11.396	21,3%	37.419	27,8%	3,28	5,4%	21,12%	5,22
ESTAB. HOTELEIROS	83.706	9,8%	165.908	17,4%	1,98	6,9%	25,09%	3,50
APTOS. TURÍSTICOS	2.923	10,9%	6.832	18,7%	2,34	7,1%	16,43%	2,72
TURISMO RURAL	919	-9,5%	1.224	-24,1%	1,33	-16,1%	3,36%	-1,17
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	3.842	5,2%	8.056	9,3%	2,10	3,9%	-	-
TOTAL	87.548	9,6%	173.964	17,0%	1,99	6,7%	-	-

- Comportamento positivo da demanda turística na provincia de A Coruña neste primeiro mes de 2020. En concreto, increméntase a cifra de viaxeiros aloxados un 9,6% e o volume de noites un 17,0% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Obsérvase neste mes un comportamento positivo xeneralizado nas diferentes tipoloxías, con incrementos da demanda en todas elas agás nos establecementos de turismo rural –que presenta unha caída do 24%-. Os crecementos son importantes, situándose no 15% nos hoteis, no 19% nos apartamentos turísticos e no 28% nas pensións.
- O 95% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 74% nos hoteis e un 21% nas pensións-. O 5% restante repártese entre os apartamentos turísticos e os establecementos de turismo rural.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento homoxéneo dos tres grandes segmentos de mercado. En concreto, neste mes increméntase tanto o turismo interno –un 23%-, como o receptor nacional –un 11,5%- e o internacional –un 23% neste caso-.
- O segmento de maior peso neste mes é o receptor nacional. Representa en xaneiro o 45% do total das noites hoteleiras. O mercado internacional absorbe o 22%, porcentaxe importante nun mes de temporada baixa. É a máis alta das catro provincias galegas.
- En termos de ocupación obsérvase unha evolución parella á demanda. Mellora nos hoteis –en case tres puntos porcentuais-, nas pensións –en algo máis de cinco puntos- e nos apartamentos turísticos –preto de tres puntos tamén-. Descende no ámbito do turismo rural, en algo máis dun punto neste caso.

PROVINCIA DE LUGO
XANEIRO 2020

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIRO		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	%	Var. Int. 20/19
HOTEIS	17.386	-2,0%	29.891	3,7%	1,72	5,8%	22,42%	1,97
PENSIÓNS	2.478	-12,1%	6.479	-37,8%	2,61	-29,2%	7,48%	-4,82
ESTAB. HOTELEIROS	19.864	-3,4%	36.370	-7,3%	1,83	-4,0%	16,53%	-0,86
APTOS. TURÍSTICOS	994	7,5%	6.279	107,0%	6,32	92,6%	21,72%	15,16
TURISMO RURAL	751	-33,5%	1.194	-36,9%	1,59	-5,2%	4,36%	-1,25
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	1.745	-15,0%	7.473	51,7%	4,28	78,5%	-	-
TOTAL	21.609	-4,5%	43.843	-0,7%	2,03	3,9%	-	-

- Rexístrase neste primeiro mes do ano un leve descenso da demanda turística na provincia de Lugo en relación ao mesmo período do pasado ano. Cae a cifra de viaxeiros aloxados un 4,5% e o volume de noites un 0,7% -de menor intensidade ao vir favorecido por certa mellora da estadía media-.
- Obsérvase un comportamento dispar da demanda nas diferentes tipoloxías de aloxamento. Sobe nos hoteis –un 3,7%- e nos apartamentos turísticos – onde se dobran as cifras de xaneiro de 2019- e descende, en cambio, nas pensións –un 38%- e nos establecementos de turismo rural –un 37%-.
- O 83% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 68% nos hoteis e un 15% nas pensións-. O 17% restante repártese entre os apartamentos turísticos –co 14%- e os establecementos de turismo rural –co 3% neste caso-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase neste mes un comportamento homoxéneo dos tres grandes segmentos de mercado. Neste sentido descende o turismo interno –un 4,0%-, o receptor nacional –un 4,4%- e, de forma máis intensa, o internacional –un 34% neste caso-.
- O segmento de maior peso neste mes de xaneiro é o turismo interno –representa o 58% das noites hoteleiras-. O 35% corresponde ao receptor nacional mentres que o 8% é internacional –a porcentaxe máis baixa das catro provincias galegas-.
- En termos de ocupación obsérvase un comportamento parello ao da demanda. Mellora nos hoteis –en dous puntos- e nos apartamentos turísticos –en quince puntos- e descende, en cambio, nas pensións –preto de cinco puntos- e nos establecementos de turismo rural –en algo máis dun punto-.
- A estadía media incrementábase neste mes –un 3,9% en particular- para situarse en dúas noites –a cifra máis alta das catro provincias galegas-.

PROVINCIA DE OURENSE
XANEIRO 2020

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	%	Var. Int. 20/19
HOTEIS	16.299	18,2%	25.712	9,6%	1,58	-7,3%	24,46%	1,59
PENSIÓNS	3.191	-18,8%	6.140	-16,6%	1,92	2,7%	11,45%	-1,19
ESTAB. HOTELEIROS	19.490	10,0%	31.852	3,3%	1,63	-6,0%	20,06%	0,90
APTOS. TURÍSTICOS	314	33,6%	595	35,8%	1,89	1,7%	7,23%	2,29
TURISMO RURAL	1.372	-7,7%	1.992	-7,7%	1,45	0,0%	8,27%	0,21
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	1.686	-2,1%	2.587	-0,4%	1,53	1,7%	-	-
TOTAL	21.176	8,9%	34.439	3,0%	1,63	-5,4%	-	-


- En termos globais obsérvase neste mes de xaneiro un comportamento positivo da demanda turística regrada na provincia de Ourense. En particular, increméntase a cifra de viaxeiros aloxados un 8,9% e o volume de noites un 3,0% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- O crecemento da demanda concéntrase en dúas tipoloxías: nos hoteis –onde sobe un 9,6%- e nos apartamentos turísticos –cun incremento neste caso do 35,8%-. Descende o volume de noites un 16,6% nas pensións e un 7,7% nos establecementos de turismo rural.
- O 92,5% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 74,7% nos hoteis e un 17,8% nas pensións-. O 7,5% restante repártese entre os apartamentos turísticos –co 1,7%- e os establecementos de turismo rural –co 5,8% neste caso-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos de mercado. Neste mes sobe unicamente o turismo de ámbito nacional –o que procede do resto do Estado, nun 19%- e descende, en cambio, o turismo interno –un 1,5%- e o internacional –un 9,1% neste caso-.
- En Ourense o segmento de maior volume e peso neste mes é o mercado interno, dos residentes en Galicia –representa o 51% do total das noites hoteleiras-. O turismo receptor nacional representa o 34% mentres que o 15% restante queda para o internacional.
- A dinámica dos niveis de ocupación amosa un comportamento algo diferente ao da demanda. Mellora nos hoteis –preto de dous puntos- e nos apartamentos turísticos –en algo máis de dous puntos-, mantense estable no turismo rural e cae, en algo máis dun punto, nas pensións.
- A estadía media descende neste mes –un 5,4% en particular- situándose en 1,6 noites –a cifra máis baixa das catro provincias galegas-.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA
XANEIRO 2020

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIRO		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	%	Var. Int. 20/19
HOTEIS	53.325	11,4%	92.395	7,9%	1,73	-3,1%	27,64%	2,02
PENSIÓNS	3.094	-10,1%	11.505	-12,2%	3,72	-2,4%	15,55%	-2,20
ESTAB. HOTELEIROS	56.420	9,9%	103.901	5,2%	1,84	-4,3%	25,44%	1,25
APTOS. TURÍSTICOS	328	43,9%	1.641	152,1%	5,00	75,2%	6,73%	3,87
TURISMO RURAL	1.006	12,9%	1.642	-29,6%	1,63	-37,6%	4,24%	-1,05
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	1.334	19,2%	3.283	10,1%	2,46	-7,6%	-	-
TOTAL	57.754	10,1%	107.184	5,4%	1,86	-4,3%	-	-

- Comportamento positivo da demanda turística regrada na provincia de Pontevedra neste primeiro mes de 2020. Obsérvase neste sentido un incremento da cifra de viaxeiros aloxados –do 10,1%- así como do volume de noites –do 5,4% neste caso-.
- O crecemento da demanda localízase en dúas tipoloxías concretas: nos hoteis –que rexistran un incremento do 8%- e nos apartamentos turísticos –modalidade que supera en máis do dobre as cifras do pasado ano-. Cae a demanda nas pensións –un 12%- e en turismo rural –un 30% neste caso-.
- O 97% da demanda corresponde aos establecementos hoteleiros, cifra que engloba aos hoteis –segmento que absorbe o 86%- e ás pensións –co 11% neste caso-. A porcentaxe restante fica a partes iguais entre os apartamentos turísticos e os establecementos de turismo rural –ambos co 1,5%-.
- Só para o ámbito hoteleiro obsérvase un comportamento diferente dos tres grandes segmentos de mercado. Neste mes increméntase só o mercado receptor nacional –nun 29%- . O turismo interno e internacional amosan, en cambio, caídas da demanda –do 12% o primeiro e do 4% o segundo-.
- Xustamente é o mercado receptor nacional o de maior peso na provincia –absorbe o 48% do total da demanda-. O 36% corresponde ao interno –dos residentes en Galicia- mentres que o 17% é internacional.
- Os niveis de ocupación varían tamén de forma dispar. Mellora nos hoteis –en dous puntos- e nos apartamentos turísticos –en case catro puntos- e descende, en cambio, nas pensións –en algo máis de dous puntos- e no segmento de turismo rural –nun punto neste caso-.
- Descende neste mes a estadía media –un 4,3%- situándose preto de 1,9 noites.

Reparto da demanda turística regrada. Noites xaneiro 2020



Variación da demanda turística regrada. Noites xaneiro 20/19

